

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
99999999	DLG Conselleria de Educación	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	6º Pri.	4	140

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	29
4.2. Materiais e recursos didácticos	31
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	31
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	32
6. Medidas de atención á diversidade	33
7.1. Concreción dos elementos transversais	34
7.2. Actividades complementarias	37
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	38
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	39
9. Outros apartados	40

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a área de Lingua Galega e Literatura de 6º curso de educación primaria, ten como referencia o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. No uso da autonomía que proporciona a dita normativa, a través desta programación didáctica adáptase o currículo da área de Lingua Galega e Literatura á realidade deste centro e a do alumnado de 6º curso.

A ensinanza desta área ten como un dos seus obxectivos principais o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística do alumnado entendida en todas as súas vertentes (pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria). Do mesmo xeito, a aprendizaxe desta área, que precisa ser sempre unha aprendizaxe acompañada, non pode concibirse como a mera transmisión e recepción de contidos disciplinares, senón que debe entenderse como un proceso baseado na reflexión e na análise, cuxo fin último é formar persoas que se comunican de maneira eficaz. Debe tamén aportarlle ao alumnado as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da súa vida familiar e social. Eses coñecementos son os que articulan os procesos de comprensión e expresión oral, por unha banda, e de comprensión e expresión escrita, pola outra. A estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe, de aí que esa capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e máis eficaz instrumento de aprendizaxe.

Tamén, a atención á diversidade debe estar presente en todas as accións, medidas e decisións metodolóxicas no ámbito da lingua para potenciar a inclusión, xa desde as idades máis novas, e para dar resposta ás diferentes características e necesidades, motivacións, intereses, ritmos e situacións sociais e culturais do alumnado.

A planificación do proceso de ensino e aprendizaxe da área de Lingua Galega e Literatura debe tomar en consideración a existencia dun contexto de diversidade lingüística tan rico, que servirá de base para unha educación plurilingüe do alumnado. Polo tanto, cómpre que se tome en consideración a planificación conxunta desta área xunto coa da área de Lingua Castelá e Literatura, e incluso coa de Lingua Estranxeira, na procura dunha aprendizaxe integrada e máis significativa do alumnado.

Co remate deste curso, a área pretende contribuír a que o alumnado acade as competencias e os desempeños determinados no perfil de saída establecido para o final desta etapa educativa, xa que deberá cambiar de etapa no curso seguinte.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Outra vez por aquí!	Nesta unidade didáctica, o traballo centrarase nos seguintes aspectos: - Identidade lingüística: as linguas da nosa contorna. - Comprensión e expresión. Canles de comunicación oral: presencial, mensaxería instantánea, telefónica... - Canles de comunicación escrita: manuscrita, impresa, dixital... - Acentuación, sílabas, entoación, separación de palabras, palabras simples e compostas, maiúsculas/minúsculas.	10	16	X		
2	Somos investigadoras e investigadores	Nesta unidade didáctica, o traballo centrarase nos seguintes aspectos: - Diversidade lingüística: distintas formas da lingua española. - Escoita activa e comprensiva de textos orais. Normas de comunicación oral: respectar quendas, escoitar, asumir razoamentos alleos, intervir cando corresponda. - Lectura comprensiva de textos escritos. Creación colectiva de textos. Interpretación e elaboración de textos instrutivos: manuais, guías, prospectos... - Substantivo, prefixo e sufixo, normas de acentuación, ditongos e hiatos.	10	16	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Cantas cousas novas!	Nesta unidade didáctica, o traballo centrarase nos seguintes aspectos: - Recoñecemento de diferentes tipos de textos orais: expositivos, instrutivos, de debate. - Recoñecemento de diferentes tipos de textos escritos: textos literarios, de opinión, manuais, descritivos... - Elaboración de textos expositivos multimodais que implican procura de información, de elementos de soporte, de ferramentas de presentación etc., con asignación de diferentes roles no grupo. - Adxectivos.	10	16	X		
4	Os meus sentimentos	Nesta unidade didáctica, o traballo centrarase nos seguintes aspectos: - A lingua oral como vehículo para a transmisión de emocións a través dos contos e das historias. - A lingua escrita como medio para a vivencia de emocións en textos narrativos. - Recoñecemento da estrutura básica da narración. Elaboración de textos narrativos. - Determinantes: artigos, posesivos, demostrativos. - Normas de uso de cc/ct, Uso do h. - Concordancia de xénero e número.	11	15		X	
5	As posibilidades da lingua	Nesta unidade didáctica, o traballo centrarase nos seguintes aspectos: - A poesía recitada e as cancións. - Estrutura da linguaxe poética: métrica e rima. - Ritmo, emocións e recursos literarios na linguaxe poética. - Pronomes. - O uso de punto, coma, punto e coma, dous puntos e puntos suspensivos.	11	15		X	
6	Cómo son?	Nesta unidade didáctica, o traballo centrarase nos seguintes aspectos: - Expresión de vivencias persoais. - Experiencias persoais nos textos escritos: diarios, biografías, descricións de persoas. - O verbo: raíz e desinencia. - Uso de b/v.	11	16		X	
7	Cómo nos entendemos!	Nesta unidade didáctica, o traballo centrarase nos seguintes aspectos: - O debate como forma ordenada de intercambiar ideas, con respecto polas diferentes opinións. - Textos expositivos, argumentativos, informativos e de opinión. - Verbos: conjugación, número e persoa. Formas persoais e non persoais. Os xentilicios.	12	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Son periodista	Nesta unidade didáctica, o traballo centrarase nos seguintes aspectos: - O debate: xogo de roles e asimilación da postura contraria. - A entrevista: interacción coa persoa entrevistada. - A preparación previa e redacción posterior da entrevista. - Verbos: tempo, modo e forma. - Uso da x e s. - Uso de aumentativos e de diminutivos.	12	15			X
9	Comunicámonos	Nesta unidade didáctica, o traballo centrarase nos seguintes aspectos: - Comunicación oral no mundo dixital: radio e TV; normas e códigos. - A prensa escrita nos distintos soportes: papel e dixital. A inmediatez da información. - Palabras invariables: preposicións, conxuncións, adverbios. - As palabras compostas e as súas regras ortográficas.	13	16			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Outra vez por aquí!	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Escrebe un breve texto narrativo con coherencia e claridade.	PE	34
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenciais co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Escrebe texto de aproximadamente 100 palabras con acentuación e puntuación correctas.		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Reelabora, de maneira axeitada, textos informativos lidos previamente cun vocabulario propio.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Expresa unha consideración que resulta equilibrada entre as dúas linguas oficiais.	TI	66
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Demostra capacidade de cambio de uso de lingua entre castelán / galego / inglés en función do contexto social.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas, e coa perspectiva de xénero.	Amosa consideración cara as persoas que empregan outras linguas e/ou teñen outra cultura.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	Resume e reinterpreta unha breve conversa oral.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso.	Intervén activamente en conversas de grupo reducido comprendendo opinións diferentes e manifestando a opinión propia.		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Aproveita o momento lector con regularidade. Resume oralmente un texto de aproximadamente 50 palabras lido en 30 segundos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Biografía lingüística persoal e mapa lingüístico da contorna xeográfica e cultural. - Consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística. - Contexto - Incidencia dos compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle e realidade bilingüe) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución de textos orais en lingua galega. - Procesos: interacción oral - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos e a realización de inferencias para superar o seu sentido literal. - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo.

Contidos

- Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.
- Procesos: comprensión oral
- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.
- Utilización dos medios de comunicación social textuais e multimodais como forma de aprendizaxe a través da lingua: prensa, radio, Internet...
- Procesos: produción oral
- Contexto
- Xéneros discursivos
- Estratexias básicas para o coñecemento da estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía que favorecen unha comunicación máis eficaz.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura individual de textos literarios e non literarios con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de recursos lingüísticos diversos, tanto en papel como dixitais, para mellorar a comprensión de textos.
- Valoración da lectura, en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade.
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais complexos, con distintos propósitos comunicativos.
- Aplicación das normas ortográficas e cohesión do texto na produción e corrección: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica e acentuación.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical de referencia interna e á correlación temporal establecida mediante os distintos tempos verbais.
- Mecanismos léxicos elementais para a adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.
- Estratexias de observación e formulación de xeneralizacións sobre a acentuación.
- Os signos de puntuación como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa.

UD	Título da UD	Duración
2	Somos investigadoras e investigadores	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar as distintas linguas empregadas na súa contorna, valorando a diversidade cultural próxima.	Traduce de maneira espontánea ao galego un texto lido en castelán	PE	73
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando e comprendendo o sentido global e a información relevante, e realizando inferencias directas de maneira acompañada a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura, superando a interpretación literal.	Resume correctamente un texto de 150/200 palabras adaptado á súa idade.		
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Recoñece coa súa lectura a tipoloxía dun texto: literario, instrutivo, informativo.		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Redacta un texto de 150/200 palabras con claridade e cun vocabulario preciso e non repetitivo.		
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais coherentes, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e da información relevante.	Elabora documentos dixitais empregando unha redacción correcta e un deseño axeitado, integrando correctamente as imaxes.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Redacta con corrección o resumo dunha conversa mantida coas compañeiras e os compañeiros.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Redacta textos de diversa tipoloxía con corrección na ortografía e na puntuación.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenciais co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Identifica nomes, verbos e adxectivos nun documento escrito.		
CA6.7 - Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Recoñece o significado da totalidade das palabras dun texto de 150/200 palabras a través do contexto ou por medio do uso do dicionario dixital ou físico.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais, incluídas as linguas de signos, identificando as características fundamentais das da súa contorna xeográfica, así como algúns trazos dos dialectos e linguas familiares do alumnado.	Amosa respecto e consideración polas distintas maneiras de falar do resto de persoas.	TI	27
CA1.2 - Detectar de forma autónoma e en contextos próximos, prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística do mundo, particularmente a dualidade lingüística galego-castelán, como unha fonte de riqueza cultural, especialmente en comunidades bilingües como a galega.	Usa unha linguaxe respectuosa e inclusiva en todos os contextos.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e idiomáticas, e coa perspectiva de xénero.	Comunícase co resto de persoas con respecto e igual consideración.		
CA2.2 - Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar, repreguntar, interpretar e un vocabulario adecuado ao nivel.	Respecta as quendas nas conversas en grupo absténdose de desacreditar a opinión do resto de persoas.		
CA2.4 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias sinxelas de escoita activa, de cortesía lingüística e de cooperación conversacional, respectando o uso simultáneo das dúas linguas propias, de ser o caso.	Demostra comprensión respecto dos razoamentos do resto de persoas, aportando a opinión propia en función deles.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Valoración da diversidade de linguas na nosa contorna e na nosa comunidade autónoma. - Consideración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos, ofrecendo alternativas para estes. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta de reflexión interlingüística. - Contexto - Xéneros discursivos - Procesos: interacción oral - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar, exposición de ideas e para a identificación e interpretación do sentido global do texto e de integración da información explícita de textos orais e multimodais sinxelos e a realización de inferencias para superar o seu sentido literal. - Interacción oral adecuada en situacións de aula e en contextos formais pautados, con respecto ás estratexias de cortesía lingüística, evitando interferencias derivadas do bilingüismo. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas.

Contidos

- Procesos: comprensión oral
- Procesos: produción oral
- Contexto
- Incidencia entre os compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle, rexistro) na comunicación escrita.
- Xéneros discursivos
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura individual de textos literarios e non literarios con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados.
- Estratexias de identificación e valoración do sentido global do texto, de integración da información explícita e de realización de inferencias para superar o sentido literal de textos en fontes documentais diversas en procesos de comprensión e produción de textos escritos en lingua galega.
- Procesos: produción escrita
- Elaboración de textos, con presentación coidada, utilizando a lingua galega con intención comunicativa e creatividade.
- Estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición de textos escritos e multimodais complexos, con distintos propósitos comunicativos.
- Produción de textos escritos e multimodais coherentes, en soporte físico ou dixital, con cohesión e adecuación textual mediante a selección, en cada situación comunicativa, do modelo discursivo que corresponda, usando as normas ortográficas axeitadas ao seu nivel e perfeccionándose na mobilización de estratexias individuais ou grupais de planificación, redacción, revisión e autocorrección.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.
- Procedementos elementais de adquisición e enriquecemento de vocabulario galego a través dos textos.

UD	Título da UD	Duración
3	Cantas cousas novas!	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	Identifica nun texto oído de unhas 200 palabras o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas.	PE	53
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos en lingua galega, valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e como gozo persoal.	Expresa a súa valoración persoal sobre un texto escrito a proposta da mestra ou do mestre.		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole en lingua galega, identificando palabras clave e anticipando hipóteses.	Identifica as palabras clave e a idea central nun texto breve.		
CA3.4 - Analizar, de maneira autónoma o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Resume textos multimodais nos que inclúe a información aportada polos elementos paratextuais.		
CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais coherentes e adecuados de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando na aplicación das normas gramaticais e ortográficas básicas ao servizo da cohesión textual e mobilizando estratexias, individuais ou grupais, de planificación, textualización, revisión e edición.	Redacta con coherencia e harmonía un texto dixital no que se inclúen elementos textuais e paratextuais.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Redacta textos de diferente tipoloxía con estrutura, ortografía e vocabulario correctos.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenciais co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Identifica en textos os nomes, verbos, adverbios e adxectivos.	TI	47
CA2.3 - Producir textos orais e multimodais de maneira autónoma, coherente e fluída, en contextos formais sinxelos e utilizando correctamente recursos verbais e non verbais básicos.	Expresa as súas ideas con claridade e cun vocabulario e unha xestualidade axeitados.		
CA2.5 - Expresarse oralmente con coherencia para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, cun vocabulario axeitado ao seu nivel a partir das experiencias e interaccións orais próximas.	Expresa con claridade e cun vocabulario axeitado vivencias persoais.		
CA3.8 - Utilizar as bibliotecas da aula e do centro e as virtuais, cada vez con máis autonomía, comprendendo como se organizan e colaborando no seu coidado e mellora e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia, tanto física como virtual, con textos variados da literatura galega.	Xestiona correctamente o procedemento de procura e devolución de libros na biblioteca		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Desenvolver un proceso de investigación individual, sobre algún tema de interese, realizado de maneira autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Elabora un texto orixinal a partir de dúas ou máis fontes, citándoas.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal sobre algún tema de interese persoal ou ecosocial, realizado de maneira autónoma ofrecendo información extraída de distintas fontes, citándoas e recreándoas de maneira creativa.	Realiza a presentación dun texto multimodal elaborado previamente, argumentando con corrección e co apoio dos elementos paratextuais.		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca para localizar un libro determinado con seguridade e autonomía, aplicando as normas de funcionamento desta.	Recoñece a nomenclatura das temáticas na biblioteca así como a ubicación e a organización dos libros nos estantes para buscalos con facilidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Contexto - Incidencia dos compoñentes do feito comunicativo (situación, participantes, propósito comunicativo, canle e realidade bilingüe) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a coherencia, cohesión e adecuación na produción e reprodución de textos orais en lingua galega. - Procesos: interacción oral - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso coherente, ordenado e lóxico, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación, valorando as normas que rexen a interacción oral e mobilizando a empatía na escoita e na expresión para transmitir necesidades, vivencias e emocións propias e alleas. - Procesos: comprensión oral - Procesos: produción oral - Produción e reprodución de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa, adecuados ao nivel e que estimulen o seu interese. Pronuncia e entoación adecuadas nos distintos contextos, atendendo á particularidade fonética d - Contexto - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo. Contido e forma. Redes sociais e os seus riscos. - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo, exposición e argumentación. - Elementos básicos de contido en textos escritos (tema, fórmulas fixas, léxico, inferencias de información) e forma (estrutura, formato, título, imaxes, tipografía). - Procesos: comprensión lectora

Contidos

- Comprensión global e específica de textos diversos da literatura galega, atendendo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos), desenvolvendo unha valoración crítica destes.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Uso das bibliotecas de aula, do centro e das virtuais, mostrando coñecementos da súa organización (catalogación, funcionamento), participación en actividades de corte literario e obtención de información e modelos para a súa produción escrita. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos físicos e visuais, con textos variados da literatura galega.
- Procesos: produción escrita
- Uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega.
- Estratexias para a procura de información en fontes documentais e dixitais no contorno familiar e social.
- Estratexias de comparación, clasificación e valoración crítica da información.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Estratexias de elaboración de contidos a partir de información obtida noutros textos coas convencións formais elementais.
- Síntese e reelaboración de coñecementos de forma progresivamente autónoma e con apoio de modelos.
- Utilización autónoma da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Estratexias para compartir experiencias de lectura que perfilen identidade lectora.
- Participación activa en comunidades lectoras a través da biblioteca escolar.
- Modalidades oracionais en relación coa intención comunicativa.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons, letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Mecanismos léxicos elementais para a adquisición de vocabulario a través da formación de palabras e enunciados.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras ortográficas e de puntuación.

UD	Título da UD	Duración
4	Os meus sentimentos	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Analizar, de maneira autónoma o contido e aspectos formais e non formais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura, calidade, fiabilidade e idoneidade en función do propósito de lectura.	Resume textos narrativos como contos ou novelas con definición da trama e coa presentación dos personaxes principais.	PE	32
CA5.7 - Producir, de maneira autónoma, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, reelaborando con creatividade os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.	Redacta un texto con intención literaria, cunha estrutura completa (presentación, nó e desenlace).		
CA5.9 - Coñecer os diferentes tipos de textos literarios da tradición oral, establecendo diferenzas entre eles e o seu uso: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.	Recoñece textos literarios de tradición oral pola súa tipoloxía creando outros novos a partir de modelos.		
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais coherentes de relativa complexidade, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, progresando no uso das normas gramaticais e ortográficas e mobilizando estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Elabora breves textos literarios con corrección gramatical e ortográfica.		
CA6.6 - Aplicar os coñecementos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, tendo en conta aspectos diferenciais co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Recoñece nun texto escrito os grupos nominal e verbal identificando nomes, verbos, adxectivos e adverbios.		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo o tema, as ideas principais e as mensaxes explícitas e implícitas, valorando o seu contido e os elementos non verbais e formais básicos.	Redacta resumos de obras literarias incluíndo as ideas principais.	TI	68
